




PITÕES DAS JUNIAS

Adela Leiro, Mon Daporta

Distancia: 5 km (ida e volta)

Dificultade: baixa

Duración: 2 horas



Un percorrido circular duns 5 km, do que a maior parte se pode facer en coche, a non ser os desvíos ao mosteiro (uns 700 m ida e volta) e ao miradoiro da fervenza (outros 700 m, dos que máis da metade se fan por unha pasarela e escadas de madeira para salvar con máis comodidade o forte desnivel). Achegarse a Pitões permítenos ver de preto os cumes descarnados, verdadeiras moles de pedras encasteladas, do extremo leste da Serra do Xurés (As Gralleiras, Brazalite, o coto da Fontefría,...); o traballo na pedra da igrexa e os restos do mosteiro de Sta. María, e a fermosa fervenza pola que se descolga ao fondo do val o Rego do Campesinho – pódese baixar ao pé da fervenza por un estreito e empinado carreiro que sae desde o miradoiro-. Xa de volta desde preto da localidade vemos ao outro lado do val os saltos do Rego das Pereiras que nace aos pés do Coto da Fontefría e vai ao río Beredo. En facer o percorrido tardase un par de horas máis o tempo que queiramos demorar gozando dos puntos de interese ou da paisaxe.

COMO CHEGAR:

Para achegarse a Pitões das Junias podemos facelo desde Calvos de Randín, por Tourém, ou desde Muíños, por Requiás e a Portela de Pitões.



Área de lecer no río de Pitões







Pitões. Ao fondo o Coto da Fontefría (a segunda altura do Xurés, con 1.458 m) e diante o Brazalite.





Pitões das Júnias é unha freguesía portuguesa do concello de Montealegre. É unha das aldeas portuguesas situadas a maior altitude (1.103 m), debaixo das Gralleiras, na serra do Xurés/Gerês.

Mosteiro de Pitões das Junias. Situado nun lugar illado, en plena serra, ten a súa orixe un eremitorio fundado no século IX, con monxes que vivían do pastoreo. O edificio actual foi construído na primeira metade do século XII por monxes da orde de San Bieito. No S. XIII pasou a depender da abadía de Oseira, do Císter. Foi ampliado no século XIV. Incendiouse na metade do século XIX e quedou abandoado. Está declarado Monumento Nacional.





Cascata (fervenza) de Pitões das Junias, no rego de Pitões ou do Campesinho. O salto mais grande tem 30 m de altura.



Cascatas (fervenzas) do rego das Pereiras.

Carballo ao pé do mosteiro de Santa María das Xuñas
(4 m de perímetro)



Serra do Xurés/Gerês: Coto da Fontefría, Brazalite e as Gralleiras.